

MESA DE CONTRATACIÓN DA SOCIEDADE MUNICIPAL TUSSA

ACTA da 3ª XUNTANZA

Concurso público, por procedemento aberto, para a contratación do subministro, instalación e mantemento, no período de garantía, dun sistema de xestión, control e cobro no aparcadoiro e dársena de Xoán XXIII e no aparcadoiro de Belvís.

No Salón Verde da Casa Consistorial, reúnese a Mesa de Contratación, o 25 de xaneiro de 2018 ás 14.05 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Jorge Duarte Vázquez
Vogais: Don Claudio Montiel Carracedo, representante do PP.
Don Rubén Cela Díaz, representante do BNG.
Don Gonzalo Muíños Sánchez, representante do PSOE.
Don José Ramón Mosquera Ferreiro, director xerente da Sociedade.
Dona Inmaculada Viña Carregal, interventora.
Don Antonio Padín Tuimil, técnico da Sociedade.

Secretario: Don José Ramón Alonso Fernández

Non asiste: D. Xan Duro Fernández, representante de CA.

ORDE DO DÍA

1. Valoración da documentación do sobre nº 2 "relativa aos criterios de adjudicación NON avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes"

Deuse conta do informe entregado coa convocatoria. Os membros da Mesa entenden que na cláusula 5 do prego de prescricións técnicas o stock mínimo esixido non o é en calidade de depósito, senón de subministración, polo que se acorda solicitar un novo informe ao técnico da Sociedade.

Sen mais asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 14.35 horas. Dou fe.

MESA DE CONTRATACIÓN DA SOCIEDADE MUNICIPAL TUSSA

ACTA da 4ª XUNTANZA

Concurso público, por procedemento aberto, para a contratación do subministro, instalación e mantemento, no período de garantía, dun sistema de xestión, control e cobro no aparcadoiro e dársena de Xoán XXIII e no aparcadoiro de Belvís.

No Salón Verde da Casa Consistorial, reúnese a Mesa de Contratación, o 9 de marzo de 2018 ás 13.46 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Jorge Duarte Vázquez
Vogais: D. Xan Duro Fernández, representante de CA.
Don Claudio Montiel Carracedo, representante do PP.
Don Gonzalo Muíños Sánchez, representante do PSOE.
Don José Ramón Mosquera Ferreiro, director xerente da Sociedade.
Dona Inmaculada Viña Carregal, interventora.
Don Antonio Padín Tuimil, técnico da Sociedade.

Secretario: Don José Ramón Alonso Fernández

Non asiste: Don Rubén Cela Díaz, representante do BNG.

ORDE DO DÍA

1. Valoración da documentación do sobre nº 2 "relativa aos criterios de adjudicación NON avaliados mediante cifras ou porcentaxes"

A mesa de contratación procede coa análise do informe valorativo sobre a documentación do sobre 2, informe que se acompaña á presente acta.

Os membros da mesa dan por ben motivado o informe entregado, do que resultan as seguintes valoracións:



OFERTA TÉCNICA	VALORACIÓN MÁXIMA	BYMAR PARK, SL	EQUINSA PARKING, SLU	HORUS HARDWARE, SA	PARKARE GROUP, SL
Flexibilidade na configuración	5	3	4	3,5	5
Grado de detalle do manual de usuario	2	1	2	1,5	1,5
Disposición de stock por encima do esixido no prego técnico	4	0	3	0	4
Facilidade de acceso para a substitución de elementos	2	1	1	1	0,5
Grao de detalle no plan de mantemento preventivo dos equipos	3	0	0	0	1
Incremento no número de frecuencias de mantemento anual	4	4	4	0	2
VALORACIÓN TOTAL	20	9	14	6	14

2. Apertura do sobre nº 3 “relativo aos criterios de adxudicación avaliados mediante cifras ou porcentaxes”

Asisten en representación das empresas: D. Bruno Castro Gil, en representación da empresa Bymar-Park, SL e Don Sergio Lázaro Rico en representación da empresa Equinsa Parking, SLU.

Ás 13.49 horas o Sr. secretario procede coa apertura do sobre nº 3, co seguinte resultado:

EMPRESAS	Proposta económica	Relación de prezos unitarios	Importe do servizo de mantemento por instalación	Melloras ofertadas
BYMAR-PARK, SL	140.274,47	Si	4.000 € anuais Xoán XXIII e 2.500 € anuais Belvís	Si
EQUINSA PARKING, SLU	135.200,00	Si	2.000 € anuais Xoán XXIII e 600 € anuais Belvís	Si
PARKARE GROUP, SL	162.405,92	Si	Cero € anuais Xoán XXIII e cero € anuais Belvís	Si
HORUS HARDWARE, SA	160.705,73	Si	4.000 € anuais Xoán XXIII e 2.500 € anuais Belvís	Si

Finalmente acórdase o traslado da documentación ao técnico de TUSSA aos efectos de realizar o informe valorativo.

Acórdase fixar a seguinte Mesa para o venres 16 de marzo ás 13.30 horas.


Sen mais asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 14.02 horas. Dou fe.



MESA DE CONTRATACIÓN DA SOCIEDADE MUNICIPAL TUSSA**ACTA da 5ª XUNTANZA**


Concurso público, por procedemento aberto, para a contratación do subministro, instalación e mantemento, no período de garantía, dun sistema de xestión, control e cobro no aparcadoiro e dársena de Xoán XXIII e no aparcadoiro de Belvís.

No Salón Verde da Casa Consistorial, reúnese a Mesa de Contratación, o 16 de marzo de 2018 ás 13.53 horas.


ASISTENTES:

Presidente: D. Jorge Duarte Vázquez
Vogais: D. Xan Duro Fernández, representante de CA
Don Claudio Montiel Carracedo, representante do PP
Don Gonzalo Muíños Sánchez, representante do PSOE
Don José Ramón Mosquera Ferreiro, director xerente da Sociedade
Don Antonio Padín Tuimil, técnico da Sociedade


Secretario: Don José Ramón Alonso Fernández



Non asisten: Don Rubén Cela Díaz, representante do BNG
Dona Inmaculada Viña Carregal, interventora municipal (intervén telefonicamente)




**ORDE DO DÍA**

- 1. Valoración da proposición relativa aos criterios de adxudicación avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes e proposta de adxudicación.**



Contáctase coa Sra. Interventora telefonicamente mediante mans libres. Estando todos de acordo coa participación da Sra. Interventora por este medio, procédese coa análise do informe valorativo da documentación presentada no sobre nº 3, informe que se acompaña á presente acta.

Os membros da Mesa dan por ben motivado o informe entregado.



1

Da análise do referido informe despréndese o seguinte cadro de valoración final:

EMPRESA	PUNTUACIÓN SOBRE 2	PUNTUACIÓN SOBRE 3	PUNTUACIÓN TOTAL
EQUINSA PARKING, SLU	14,00	72,00	86,00
BYMAR PARK, SL	9,00	70,69	79,69
PARKARE GROUP, SL	14,00	48,74	62,74
HORUS HARDWARE, SA	6,00	40,01	46,01

Polo tanto, a empresa que acada a máxima puntuación no proceso e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas, é a do licitador **EQUINSA PARKING, SLU**.

De conformidade cos termos do informe, e mesas anteriores, **ACÓRDASE**:

PRIMEIRO: Excluir da licitación as ofertas presentadas polas seguintes empresas:

- Empresa SIEPARK MALAGA, SL, por presentar a oferta fóra de prazo.
- Empresa MAQUINARIA, ESTACIONAMIENTOS Y PARKÍMETROS, SL (MEYPAR) ao non cumprir co requirimento do prego, que na cláusula 13.3 sinala: *“Así mesmo, será motivo de **exclusión** da licitación, o feito de que a documentación incluída neste sobre non estea subscrita na súa totalidade polo licitador, ou non vaia acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. Esta deficiencia unicamente poderá ser **subsanada** coa presenza do apoderado da empresa no acto público de apertura deste sobre”*.

Non estando presente ningún representante da empresa neste acto, a mesa acorda a exclusión desta oferta da licitación.

SEGUNDO: Propoñer á empresa **EQUINSA PARKING, SLU** que acadou a máxima puntuación no procedemento e ofertou un importe de **135.200,00 €** (máis o IVE), sendo polo tanto a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas.

Procederáse de acordo coa cláusula 17 do prego de condicións de aplicación, aos efectos de que presenten a documentación que recolle a devandita cláusula no prazo de 10 días naturais desde que reciban o requirimento do director xerente.

Sen mais asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 14.00 horas. Dou fe.